



## Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Etnicidade e diversidade cultural nas sociedades de orixe e destino		Código	615472104	
Titulación	Mestrado Universitario en Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e DidácticaSocioloxía e Ciencias da Comunicación				
Coordinación		Correo electrónico			
Profesorado		Correo electrónico			
Web					
Descrición xeral					

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Comprender os límites epistemolóxicos do estudo das migracións internacionais e a natureza esencialmente política que sostén a definición e identificación do fenómeno migratorio.
A2	Relativizar e valorar as intensidades observadas dos movementos migratorios, desde unha perspectiva comparativa e contextualizada histórica e culturalmente
A5	Comprender os argumentos filosóficos e xurídicos tras as distintas perspectivas sobre as migracións internacionais e as problemáticas sociais que xeran.
A10	Coñecer suficientemente os autores e traballos de maior relevancia académica e profesional
B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
B7	Resolver problemas de forma efectiva
B10	Traballar de forma colaboradora
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional
B13	Capacidade para a aprendizaxe de novos métodos e teorías, que doten dunha gran versatilidade para adaptarse a novas situacións
C1	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C2	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras a fin de emprender, xestionar ou dirixir organizacións ou empresas do terceiro sector.
C3	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C5	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Os obxectivos do curso consisten en:	AM1	BM1	CM1
1. Profundizar sobre as discusións actuais acerca do concepto de cultura e a súa relación coa identidade colectiva e a etnicidade.	AM2	BM3	CM2
2. Explorar e debatir os feitos e principios que definen ás sociedades cosmopolitas no cadro da globalización.	AM5	BM7	CM3
3. Aplicar a realidades concretas as suxerencias teóricas destes debates.	AM10	BM10	CM5
4. Analizar os novos conceptos de cidadanía nas súas implicacións políticas		BM11	
5. Profundizar sobre o papel das migracións na transformación dos sistemas étnicos.		BM13	

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1º Conceptos claves: Cultura, etnicidade, diversidade	Discusión sistemática sobre os últimos debates en etnicidade Entendendo novas formas de cultura Globalización e nova diversidade cultural
Tema 2º Os grupos étnicos e as súas fronteiras.	Diversidades en países de orixe e destino Reterritorialización, ethnoscape
Tema 3º Conflito, estratexia e forzas centrífugas.	A cultura como arma política Diáspora e cosmopolitanismo
Tema 4º Construír e de-construír o imaxinario do "Outro";	A súa relevancia política e teórica Discursos políticos e populares Cara un concepto dinámico de cultura

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A2 A5 A10 B1 B3 B7 B10 B11 B13 C1 C2 C3 C5	0	73	73
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A asignatura avaliarase a través dunhas preguntas base que conformarán un traballo tutelado. As preguntas versarán sobre a bibliografía, as experiencias e todo o tratado na aulas maxistras.  Os alumnos a distancia terán a mesma opción a entregar estes traballos tutelados e a realizar as tutorías nos días indicados a tal fin.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O alumnado dispoñerá dunha atención personalizada na elaboración dos traballos. No caso do alumnado on-line, se pode comunicar por correo-e, por medio da plataforma virtual, ou por Skype.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Traballos tutelados	A1 A2 A5 A10 B1 B3 B7 B10 B11 B13 C1 C2 C3 C5	A asignatura avaliaráse a través dunhas preguntas base que conformarán un traballo tutelado. As preguntas versarán sobre a bibliografía, as experiencias e todo o tratado na aulas maxistras.	100
---------------------	---	---	-----

### Observacións avaliación

En caso de non poder acceder ou de non superar a avaliación a través do traballo tutelado, tense dereito a exame na convocatoria oficial.

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	A. Appadurai: ?El rechazo de las minorías?. Selección de textos F. Barth: ?Los grupos étnicos y sus fronteras?. Introducción. J. A. Fernández de Rota: ?Nacionalismo, cultura y tradición?. Selección de textos. M. Delgado: ?La ciudad anterior. Mito, memoria e inmigración? E. Leach: ?Sistemas políticos de las tierra altas de Birmania?. Comentario. M. Sahlins: Textos seleccionados de ?Cultura y razón práctica? e ?Islas de Historia?. A Olmos Alcaráz: ?Pateras, embarazadas y prostitución?: Representaciones y discursos sobre la mujer Inmigrante en la televisión española. C. Silva Domínguez: A denominación ?Los nuevos gallegos? aplicada a inmigrantes no xornal La Voz de Galicia: Análise discursiva e implicacións sociolóxicas
<b>Bibliografía complementaria</b>	

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**

(\* ) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías